

Resolución do 17 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais dos participantes admitidos no concurso 3/2004, convocado pola Orde do 17 de decembro de 2004 para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia.

Convocado o concurso 3/2004, para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 246, do 21 de decembro de 2004, cunha corrección de erros publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 247, do 22 de decembro, á vista da proposta de data 16 de xaneiro de 2006 realizada pola comisión encargada de valorar os méritos alegados polos concursantes, e de conformidade coa base VI.5 da convocatoria, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as relacións coas puntuacións provisionais dos concursantes admitidos para cada un dos postos solicitados. Estas relacións encóntranse expostas nas seguintes dependencias:

-Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

-Delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

-Centro de Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela.

-Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol.

-Oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

Tamén poderán consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Segundo.-Os interesados poderán formular reclamación contra as puntuacións provisionais no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

As reclamacións deberán realizarse mediante escrito dirixido á Dirección Xeral da Función Pública, edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela, que se presentará nos rexistros xerais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas delegacións provinciais e oficinas comarcais da Xunta de Galicia, así como nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2006.

José Rodríguez González
Director xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 10 de xaneiro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se determina a composición das comisións ditaminadoras do concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, idiomas e ensinanzas artísticas.

A base décimo quinta da Orde do 11 de outubro de 2005 (DOG do 25 de outubro), pola que se determina a composición das comisións ditaminadoras do concurso de traslados entre funcionarios pertencentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e dos corpos de catedráticos e profesores de música e artes escénicas, determina que a secretaría xeral designará as comisións ditaminadoras oportunas, que valorarán os méritos subxectivos presentados polos concursantes.

Na súa virtude, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Formaranse cinco comisións para o corpo de profesores de ensino secundario (dúas para a área de letras, dúas para a área de ciencias e outra para a área de tecnoloxías) e unha para cada un dos corpos de profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Segundo.-Facer pública a composición das comisións ditaminadoras no anexo desta resolución.

Actuará como secretario o funcionario que designe a secretaría xeral entre os que exerzan as súas funcións nela.

Terceiro.-As comisións poderán solicitar o asesoramento de funcionarios que exerzan a función inspectora en materia educativa e de funcionarios pertencentes aos correspondentes corpos que, de acordo co establecido na base décimo quinta da Orde do 11 de outubro de 2005 (DOG do 25 de outubro), poden formar parte da comisión sempre que non estean suxeitos ás incompatibilidades establecidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Os membros das comisións terán dereito a percibir asistencias de acordo co previsto no Decre-

to 144/2001, do 7 de xuño, e conforme as clasificacións que recolle; estas comisións consideraranse incluídas na categoría primeira.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2006.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

Corpo de profesores de ensino secundario

-Área de letras, comisión número 1 (filosofía, xeografía e historia, inglés, música e psicoloxía e pedagogía):

Presidente: Juan Carlos Varela Vázquez.

Vogais:

M^a Jesús Yebra Folgueral.
Ramón López Facal.
José Ramón López Vázquez.
Rosa López Boullón.

-Área de letras, comisión número 2 (lingua castelá e literatura, lingua e literatura galegas, latín, grego e francés):

Presidente: Emilio Pérez Sánchez.

Vogais:

Xosé Antonio Dobarro Posada.
Emilio Pérez Varela.
Xavier Mouriño Cajide.
Ivette Maísa Rodrigo.

-Área de ciencias, comisión número 1 (matemáticas, educación física e debuxo):

Presidente: José Ramón Pereiró Rodríguez.

Vogais:

M. Elena Fernández López.
M^a Carmen García Riestra.
José Luis Hospido Rodríguez.
Pablo Porta Martínez.

-Área de ciencias, comisión número 2 (bioloxía e xeoloxía, física e química e tecnoloxía):

Presidenta: Rosa Fca. Pérez Santiago.

Vogais:

Carlos Rodríguez Dacal.
M^a Consuelo Neira Suárez.
Esther Romero Casal.
César González Posa.

-Área de tecnoloxías:

Presidente: Manuel Reboredo Lavín.

Vogais:

Andrés Botana Caeiro.
Ramón Urrutia Vilar.
María Carmen Calveiro Orosa.
Pío Novo Álvarez.

-Corpo de profesores técnicos de formación profesional:

Presidenta: Elisa Amoedo Barciela.

Vogais:

Juan Hombre Eiras.
M^a Rosa González Iglesias.
José M^a Leis Blanco.
M^a Luisa Fontela Albor.

-Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas:
Presidente: Juan Carlos Varela Vázquez.

Vogais:

M^a de la O Fernández Estévez.
José Goyanes Gayoso.
Ramiro Fernández Lage.
Carla Moro Baleni.

-Corpo de profesores de música e artes escénicas:
Presidente: Rodrigo Porral Mato.

Vogais:

Mario Seoane Blanco.
Juan Vara García.
Vicente Pérez Planells.
M^a de los Reyes Fátima Rey Silva.

-Corpos de profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño:

Presidente: Rodrigo Porral Mato.

Vogais:

Javier Vilariño Pintos.
Carlos del Campo Prieto.
Josefa Ballester García.
Rosa Millares Parada.

Resolución do 13 de xaneiro de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se determina a composición da comisión ditaminadora do concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes na Inspección Educativa convocado por Orde do 9 de outubro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 19 de outubro).

A base novena da Orde do 9 de outubro de 2005 (DOG do 19 de outubro) determina que para a avaliación dos méritos alegados e debidamente xustificadas polos concursantes, no que se refire aos puntos 1.3 e 2.1 do baremo de puntuacións do anexo I á esa orde, será designada pola secretaría xeral a comisión baremadora.

Na súa virtude, esta secretaría xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Formarase unha comisión para a valoración dos méritos mencionados no parágrafo anterior e terá a seguinte composición:

Presidente: José Benedicto Graña Carrodegas.